

Z. A CIDADE PERDIDA

[James Gray, 2016]

228

ESTREA EN NUMAX: 05.05.2017 | V.O.S.E. | +12

The Lost City of Z (2016, 140')

Dirección: James Gray

Guión: James Gray (Libro: David Grann)

Elenco: Charlie Hunnam, Sienna Miller, Tom Holland, Robert Pattinson, Angus Macfadyen, Bobby Smallldridge, Edward Ashley, Tom Mulheron

Son: Derek Hehir

Vestuario: Sonia Grande

Montaxe: John Axelrad, Lee Haugen

Dirección de arte: John Merry, César Montoya, Nigel Pollock, Emilia Roux, Nóra Takács

Fotografía: Darius Khondji

Música: Christopher YOUNG

Produtoras: Paramount Pictures, Sierra Affinity, Plan B, MICA Entertainment (Estados Unidos)

Distribuidora: eOne

Formato de proxección: DCP4K, 2.35:1

Idiomas orixinais: Inglés, español, portugués e alemán

FILMOGRAFÍA

El sueño de Ellis, 2013

Two Lovers, 2008

La noche es nuestra, 2007

La otra cara del crimen, 2000

Cuestión de sangre (Little Odessa), 1994

SINOPSE

Durante séculos, os europeos discutiron a existencia dunha antiga civilización na selva do Amazonas. A principios do século xx, o británico Percy Fawcett participou nunha expedición tras outra, convencido de poder atopar esta lexendaria cidade en cuxa busca morreron centos de homes. En 1925, na súa viaxe máis ambiciosa e obsesiva, Fawcett desapareceu no máis profundo da selva, ao igual ca todas as expedicións que seguiron o seu rastro.

«Gray emociona, recupera o mellor e máis clásico do cinema de aventuras»

Luis Martínez, EL MUNDO



Z. A CIDADE PERDIDA

[James Gray, 2016]

EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

“Partín de filmes como *Aguirre, Fitzcarraldo* ou *Apocalypse Now*”

Entrevista con James Gray
Por Jack Giroux

Cando comeza o proxecto de *Z. A cidade perdida*? Lin o libro de David Grann antes da súa publicación, en 2008. Ao pouco de lelo emprendín o guiión e remateino en 2010. Ese mesmo ano fixen unha primeira incursión en Brasil. Nos anos seguintes tentei tres actores diferentes para o papel protagonista e fixen outro filme polo medio para, finalmente, viaxar á selva gravar o filme. Foi toda unha viaxe a que me levou a rematar esta película.

Seguramente tiveches diversas frustracións no proceso de espera mais tamén pode que fose beneficioso ter todo ese tempo para preparar ben o filme. É unha boa pregunta e non sei se darei respondido ao xeito. O que si podo dicir é que por unha banda é bo ser quen de desenvolver un proxecto que leva tanto tempo, mais pola outra é malo, porque ti mesmo vas mudando co paso dos anos e convérteste nunha persoa diferente á do comezo do proceso. A xente cambia máis do que pensamos. Estou facendo agora un repaso. En 2008 tiña dous fillos, non tres. Tiña 39 anos non

47. Tiven que modernizar o guiión para facelo acorde ás miñas preocupacións actuais, que non son as mesmas cás de 2008. É un proceso diferente, se é mellor ou peor nunca o saberei.

Cando liches o libro que foi o que che fixo inmediatamente querer levalo á pantalla grande? A cousa non foi como se pode imaxinar. Non pensaba en saír de Nova York, ir á selva e facer un filme de aventuras, aínda que supoño que nun nivel do subconsciente o desexo xa estaba presente. O que me interesaba realmente era unha pequena pasaxe do libro que falaba do pai de Fawcett, unha persoa desastrosa que traballaba nas cabaleirizas do Príncipe Eduardo VII. Convivía con clases sociais moi diferentes e era un alcólico e un xogador empedernido que levou a súa familia á ruína, manchando para sempre o apelido Fawcett. Parecíame un personaxe moi cativador, que vaga sen saber moi ben cara a onde e que, como di no filme, «estiven en Saigón e Hong Kong, e agora en Irlanda». Un home sen rumbo aos 36 anos, ese foi o comezo de todo.

Porén, apenas hai dúas referencias no filme final, cando Marine Melvin di que non foi moi afortunado escollendo os seus devanceiros e cando, nun intre, lle din ao protagonista: «coñecemos a teu pai, unha cousa terríbel, bebedor, xogador». Nesas escenas vemos con claridade a situación e pareceume que era de abondo. Parecíame que con esta información entendíamos a necesidade de Percy de poñerse a si mesmo a proba, de reivindicarse como persoa, acadar un recoñecemento.

Avanzando no filme, poderíase agardar algunha loucura no personaxe de Percy, mais a súa relación coa Amazonía é pura. Ese aspecto pareceume moi emocionante. Grazas, logo de *La noche es nuestra* (2007) prometínme non ler críticas dos meus filmes pero aínda así os meus amigos adoitan contarme o que opina outra xente co que sempre remato sabendo das críticas, mesmo cando non as leo. A maioría dos textos sobre *Z. Cidade perdida* foron moi positivos, o que está moi ben, pero houbo un par deles que dicían que o filme era moi frío, o que me sorprende porque quería facer algo... Realmente partín de filmes como *Aguirre, la cólera de Dios* (Werner Herzog, 1972), *Fitzcarraldo* (Werner Herzog, 1982), *Apocalypse Now* (Francis Ford Coppola, 1979) ou *El corazón de las tinieblas* (Nicolas Roeg, 1993), mais sentíame na obriga de afrontar o filme indo cara a atrás, dalgún xeito.

Por suposto, non ten sentido tentar repetir a grandeza doutros directores dos anos setenta. Tiña que tentar dar algo diferente, que saíse de min mesmo e sentía que o que eu podía achegar é un certo sentido da transcendencia, algo máis poético e lírico, máis tenro se queres. Eses elementos non aparecen neste libro, mais si noutro texto titulado *Exploration Fawcett*, compilado por Brian, o seu outro fillo, que recolleu e ampliou os diarios de seu pai.

Publicado en <http://www.slashfilm.com/>
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

Z, la ciudad perdida, David Grann.
Random House, 2017

